



**LIXO** ■ Tratará lodos de depuradoras industriais e xurros da gandería baixo controis de calidade

## Cospeito acollerá a primeira planta de compostaxe agraria

O vicepresidente segundo e conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro Fernández, e o presidente do Grupo Tradebe, Josep Creixell, colocaron onte a primeira pedra da futura planta de compostaxe de Cospeito que, baixo o nome de Biocompost Lugo, tratará a biomasa residual de orixe agroforestal, cunro lodos e xurros, entre outros. Neste acto tamén estivo presente o alcalde de Cospeito, Armando Castosa. Esta é e será a primeira infra-

estrutura destas características que funcionará en Galicia e dará solución á xestión e tratamento de lodos procedentes de depuradoras industriais e do sector agroalimentario; e aos xurros producidos nas explotacións gandeiras do contorno.

O proxecto, promovido polo Grupo Tradebe, suporá un investimento de máis de 2,4 millóns de euros e está previsto que entre en funcionamento no último trimestre deste ano. A nova planta de com-

postaxe terá capacidade para tratar 140 metros cúbicos de residuos ao día, o que supón un total de 40.000 toneladas ao ano. Segundo os datos que manexa o Grupo Tradebe, a produción anual de compost acadará as 15.800 toneladas.

A planta Biocompost Lugo ocupará unha superficie de 7,7 hectáreas e disporá dunhas modernas instalacións dotadas con tecnoloxía moi contrastada que permitirá un tratamento dos lodos e xurros de maneira respectuosa co medio natural. A nave de compostaxe ocupa 6.400 metros cadrados e está formada por cinco balsas nas que se desenvolve todo o proceso de tratamento e conversión en compost dos residuos.

Ata a fase final, os residuos pasarán por unha serie de procedementos, entre os que están mesturas, trituracións, fermentación e maduración ou cribados dos residuos, baixo continuos controis. ● E. E.